
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada provincial OU-1260 'Travesía da Terrachán, a prol do Concello de Entrimo.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Vicente Arias Mosquera como presidente do Padroado do Centro Galego de Arte Contemporánea.
- Decreto polo que se dispón o cesamento de José Manuel García Iglesias como vicepresidente do Padroado do Centro Galego de Arte Contemporánea.
- Decreto polo que se nomea presidente do Padroado do Centro Galego de Arte Contemporánea a Manuel Fernández de Sousa-Faro.
- Decreto polo que se nomea vicepresidenta do Padroado do Centro Galego de Arte Contemporánea a Sofía María de la Soledad Santos Pérez.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Noia para a execución da obra rede de colectores xerais en Noia 1ª fase. Noia (A Coruña), clave OH.315.982, por importe de catro millóns catrocentos cincuenta e cinco mil cento noventa catro euros con corenta e tres céntimos (4.455.194,43 €).

-
- Acordo polo que se autoriza a adhesión do Concello de Maceda á Axencia de Protección de Legalidade Urbanística.
 - Acordo polo que se aproba definitivamente o Proxecto sectorial da Cidade do Moble da Estrada (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subministración de ordenadores ultraportátiles “netbooks” para os centros educativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no marco do Proxecto Abalar, por un importe aproximado de cinco millóns douscentos un mil seiscientos vinte e sete euros con oito céntimos. (5.201.627,08 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre comunidades autónomas para o recoñecemento recíproco dos certificados de formación dos aplicadores de tatuaxes, piercings e micropigmentacións.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Bande, para o acondicionamento do espazo expositivo *Aquis Querquennis*, en Portoquintela, Bande. Ourense, por un importe total de cento cincuenta e nove mil douscentos cincuenta e catro euros con oitenta e cinco céntimos (159.254,85 €).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10% da subvención, no momento da concesión, na orde pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2011, por un importe de corenta e sete millóns corenta e un mil setecentos dezaseis euros (47.041.716,00 €).
- Acordo polo que se ratifica o plan de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) para o ano 2011.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe de seguimento da execución do primeiro Plan de avaliación de organismos dependentes da Xunta de Galicia (3º informe).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre o anteproxecto de decreto polo que se aproba o Estatuto de Augas de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o Plan de aforro de eficiencia enerxética na Administración pública de Galicia (2011-2013).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a relación de medidas que se van aplicar dentro do sistema de xestión da seguridade da información en sanidade, durante o período 2011-2014.

A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA VÍA PROVINCIAL OU-1260, NO TRAMO URBANO DA TERRACHÁ, A FAVOR DO CONCELLO DO ENTRIMO

- *O tramo obxecto do cambio ten unha lonxitude de máis dun quilómetro, con orixe na estrada que une Bande e Portugal (OU-1212) e fin na Terrachá-Olelas (OU-1209)*
- *A Dirección Xeral de Infraestruturas considera adecuado o cambio de titularidade tendo en conta que a devandita vía adquiriu características netamente urbanas*
- *A entrega da vía formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG)*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o cambio de titularidade dun tramo da estrada provincial OU-1260, no treito urbano da Terrachá, a favor do Concello de Entrimo.

Este intervalo de estrada obxecto do cambio de titularidade dispón dunha lonxitude de máis dun quilómetro, con orixe na estrada que une Bande e Portugal (OU-1212) e fin na Terrachá-Olelas (OU-1209).

A Dirección Xeral de Infraestruturas considera adecuado o cambio de titularidade tendo en conta que a devandita vía adquiriu características netamente urbanas.


A entrega da vía formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). A partir da formalización da entrega, o Concello de Entrimo encargárase de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía. O municipio tamén abordará o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

Cesión regulada

Segundo se recolle no artigo 5 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería con competencias na materia e logo do acordo entre as administracións afectadas.

Por outro lado, a Lei de estradas no seu artigo 54 establece que as estradas provinciais ou os seus treitos determinados en que a circulación adquira características netamente urbanas, entregaráselles aos respectivos concellos. O expediente promoverase por proposta do concello ou administración titular da estrada e será resolto polo Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, logo de informe de ambos os organismos.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, no cal se especifica que as vías adquiren características netamente urbanas, formula unha proposta favorable á transferencia da titularidade.



O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A MANUEL FERNÁNDEZ DE SOUSA-FARO COMO NOVO PRESIDENTE DO PADROADO DO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

- ***A coleccionista de arte Sofía Santos Pérez ocupará a vicepresidencia do Padroado do CGAC.***

O Consello da Xunta aprobou hoxe os nomeamentos de Manuel Fernández de Sousa-Faro e Sofía Santos Pérez como novos presidente e vicepresidenta, respectivamente, do Padroado do Centro Galego de Arte Contemporánea por proposta da Consellería de Cultura e Turismo. Os anteriores responsables do cargo de presidente, Vicente Arias Mosquera, e vicepresidente, José Manuel García Iglesias, continuarán no Padroado do CGAC como vogais por designación.

Manuel Fernández de Sousa-Faro é presidente de Pescanova. Con sede en Redondela, Pescanova é unha empresa pesqueira galega líder no sector de ultraconxelados con presenza en países como Francia, Italia, Portugal ou Honduras. Manuel Fernández de Sousa é licenciado en Ciencias Físicas pola Universidade Complutense de Madrid e conta con varios masters en alta dirección de empresas. Fernández de Sousa-Faro incorporouse á compañía Pescanova en 1977 cando comezou a formar parte do Consello de Administración da empresa e participa activamente na súa nova estratexia económica. Un ano máis tarde foi nomeado director xerente de Pescanova e en 1984 presidente e director xeral da multinacional. Fernández de Sousa-Faro forma parte dos consellos de administración de diversas empresas nacionais como Unión Fenosa, Corporación Financeira de Galicia ou Mutuapesca.

Sofía Santos Pérez é coleccionista de arte. Doutora en medicina e cirurxía é profesora da Universidade de Santiago de Compostela na rama de Otorrinolaringoloxía. A través da sociedade que forma co seu marido José Blanco Fondevila, posúe unha das coleccións de arte máis importantes de Galicia. É unha colección de arte galega, nacional e internacional, que abarca fundamentalmente pintura, escultura, fotografía e instalacións de artistas contemporáneos, entre os que destacan Francisco Leiro, Luis Gordillo, Juan Uslé, Juliao Sarmiento, Günther Förg, Álvaro Negro, Antón Lamazares, David Salle, Manolo Paz, Peter Halley, Jessica Stockholder, Anselm Reyle ou Liam Gillick.

MEDIO AMBIENTE ACHEGA UN INVESTIMENTO DE 4,5 MILLÓNS DE EUROS PARA EXECUTAR A PRIMEIRA FASE DA REDE DE COLECTORES EN NOIA

- *Este importe está enmarcado nun convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello de Noia*
- *O proxecto prevé a disposición de colectores xerais, de pluviais ou de fecais así como melloras do sistema de bombeo*
- *A finalidade destes traballos é mellorar as condicións de funcionamento da rede de saneamento de Noia*
- *A Xunta considera que a poboación conectada á rede será de 23.061 habitantes equivalentes*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financiera da Xunta de Galicia co Concello de Noia e polo que se autoriza o gasto para a execución da primeira fase da rede de colectores xerais en Noia.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, realiza unha achega económica de 4,5 millóns de euros para dotar o Concello de Noia de infraestruturas hidráulicas.

A finalidade deste proxecto é mellorar as condicións de funcionamento da rede de saneamento de Noia. Lograrase así o saneamento e depuración das verteduras, evitándoas á ría de Noia.

O proxecto recolle a execución dun colector interceptor xeral que permita derivar todas as augas fecais á estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Noia. Tamén se proxecta a implantación dunha primeira fase de rede de colectores de augas pluviais que posibilite a evolución cara unha rede de saneamento separativa.

As infraestruturas previstas son un colector interceptor norte dividido en dous tramos, cun total de 423 metros e a reparación dunha bomba existente, un colector interceptor sur dividido en 11 treitos cunha lonxitude de 2.636 metros, a execución de dúas bombas de nova planta e a construción de catro bombas novas sobre outros existentes.

Os traballos desta primeira fase centraranse na reconstrución do colector interceptor xeral de forma completa, tanto as conducións, como o sistema e bombeos e alivios, de forma que deriven as augas en tempo seco cara á EDAR municipal. Para iso actúase sobre todos os tramos do colector interceptor, a excepción do tramo máis próximo á EDAR, situado na marxe sur do interceptor, entre a última bomba e a depuradora, tramo que se mantén nas súas actuais características.

Co obxecto de minimizar o bombeo das augas do sistema de saneamento en tempo seco, débese reducir a contaminación de augas limpas que se produce sobre a devandita rede unitaria nese tempo seco. Detectáronse tres zonas de achega en tempo seco importantes, unha localizada sobre a zona do Estado de San Lázaro, outra no barrio de Labarta e outra na zona da Horta da Zapateira.

Na primeira e última zona constrúense colectores interceptores de pluviais, que posibilitan a recondución de augas pluviais que proceden de dous regatos que se atopan agora mesmo canalizadas sobre a rede xeral unitaria.

Na zona do barrio de Labarta a achega de augas limpas en tempo seco ten unha orixe indeterminada, xa que non se pode identificar unha achega concreta, debido á magnitude da rede secundaria que acomete sobre a zona, e ao seu grao de urbanización. É precisa a construción dunha rede interceptora de pluviais extensa, que se estende ata o barrio de vista Alegre. O dito colector funcionará no futuro como parte estruturante de toda a rede de pluviais nun esquema separativo e, na rede actual, como alivio co obxecto de derivar a punta de augas menos contaminadas e que non entre sobre a rede interceptora unitaria.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas considera que a poboación conectada á rede será de 23.061 habitantes equivalentes.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante este tipo de colaboracións técnico financeiras, pretende resolver problemas en infraestruturas dos municipios galego. Neste senso, proporciónanse melloras na calidade de vida dos cidadáns, fomentando o desenvolvemento económico e social dos concellos da comunidade galega.

O CONCELLO OURENSÁN DE MACEDA CEDE AS SÚAS COMPETENCIAS URBANÍSTICAS Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

- *O municipio ourensán delega neste organismo o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística dos solos rústico e urbanizable así como nos núcleos rurais*
- *Os ingresos das multas coercitivas e sancións impostas serán repartidos a partes iguais entre a Administración autonómica e o concello*
- *Con esta adhesión serían 55 os convenios autorizados polo Consello da Xunta, e 49 os documentos asinados, o que supón unha superficie de máis de 3.500 km² e un beneficio para máis de 220.000 habitantes*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de adhesión entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o concello ourensán de Maceda. En virtude deste acordo, o Municipio de Maceda delega na Axencia da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo, que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: rústico e urbanizable, mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

A APLU é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Ingresos compartidos

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ao Concello

Cómpre sinalar que a Axencia exercerá estas responsabilidades desde o día seguinte ao da publicación do convenio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e considérase que a vixencia do convenio será indefinida. Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas

polo concello. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos emitidos pola axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao Concello.

Por último, o Concello debe prestar a cooperación e asistencia activa que o organismo autonómico solicite, co fin de levar a cabo un eficaz exercicio das súas competencias; terá tamén que facilitarlle ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuír ao sostemento económico da axencia nos termos que establece o citado convenio de adhesión.

Concellos adheridos á APLU

Con esta nova adhesión serían 55 os convenios autorizados polo Consello da Xunta e 49 os documentos asinados que son os que actualmente están en vigor, polo que quedarían por formalizar polo Pleno do concello de Abegondo, Sada, Gondomar, Pontevedra, O Barco de Valdeorras e Meaño.

Con isto, a APLU xestiona actualmente máis de 3.500 quilómetros cadrados de superficie correspondentes aos 49 concellos: 14 na Coruña, 8 en Lugo, 19 en Ourense e 8 en Pontevedra, o que supón máis de 220.000 habitantes.

Concello	Poboación	Territorio (quilómetros²)
A CORUÑA		
A BAÑA	4528	98
A CAPELA	1439	58
ARES	5628	18,3
ARZÚA	6484	155,4
BOIMORTO	2348	82,4
CARIÑO	4617	46,8
CEDEIRA	7511	85,4
DODRO	3024	36,1
LOUSAME	3702	93,6

MUGARDOS	5605	12,8
OROSO	6804	72,1
PORTO DO SON	9867	94,6
TOQUES	1416	77,9
VAL DO DUBRA	4481	108,7
LUGO		
BECERREÁ	3276	172,1
BEGONTE	3538	126,8
CASTROVERDE	3110	174,2
LOURENZÁ	2569	62,6
O SAVIÑO	4570	196,6
RIBEIRA DE PIQUÍN	723	73
TRABADA	1436	82,7
O VALADOURO	2209	110,5
OURENSE		
AMOEIRO	2318	39,7
CARBALLEDA DE AVIA	1607	47
CASTRELO DE MIÑO	1981	39,7
CASTRELO DO VAL	1240	122
CORTEGADA	1367	26,9
ENTRIMO	1406	84,5
GOMESENDE	1048	28,3
MACEDA	3153	102
MASIDE	3087	40
O BARCO DE VALDEORRAS	14040	85,7
PADERNE DE ALLARIZ	1597	38,8
PARADA DE SIL	729	62,4
O PETÍN	1042	30,5
PIÑOR	1430	52,7

SAN AMARO	1335	28,9
TABOADELA	1690	25,2
VERÍN	14237	94,1
VILAMARÍN	2254	56,1
VILARDEVÓS	2382	152,1
PONTEVEDRA		
A GUARDA	10404	20,5
CUNTIS	5172	79,8
MEAÑO	5475	27,8
MORAÑA	4349	41,3
NIGRÁN	17869	34,8
OIA	3192	83,3
PONTECESURES	3116	6,7
VILABOA	5935	36,9
TOTAL		
TOTAL	202.340	3.490,2

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU DEFINITIVAMENTE O PROXECTO SECTORIAL DA CIDADE DO MOBLE DA ESTRADA

- *O proxecto fora declarado de incidencia supramunicipal en abril de 2010, o que permitiu continuar a súa tramitación unha vez que o Goberno anterior decidira deixar sen efecto o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou definitivamente na súa reunión de hoxe o proxecto sectorial da Cidade do Moble da Estrada, que fora declarado de incidencia supramunicipal en abril de 2010.

Segundo o proxecto sectorial, a Cidade do Moble ocupará unha superficie total de 382.357,86 metros cadrados, distribuídos da seguinte maneira

- Superficie total de parcelas industriais: 220.196,56 metros cadrados
- Superficie total de servizos comúns: 7.817,35 metros cadrados
- Superficie total de servizos comúns de cesión equipamental: 12.087,95 metros cadrados
- Superficie total de sistemas locais: 131.814,59 metros cadrados
- Superficie total de sistemas xerais viario: 11.053,63 metros cadrados

O investimento total previsto acada os 25.852.248,70 euros.

Os criterios e obxectivos xerais do proxecto sectorial da Cidade do Moble da Estrada que guían a ordenación pódense resumir nos seguintes:

- Creación dunha nova área industrial que permita a conformación da futura Cidade do Moble da Estrada. Dáse resposta a unha análise previa de sinerxías e dotación de espazos de usos comúns para a localización de empresas relacionadas co sector do moble.
- Especialización do polígono. Establécense zonas específicas para actividades vinculadas ao sector do moble, con localización, xeometría, dimensións e usos especializados.
- Integración axeitada das industrias xa existentes. A ordenación formulada é compatible coas actividades en uso da zona, vinculadas principalmente á estrada N-640.

-
- Integración ambiental e paisaxística. Criterio e obxectivo clave dado o límite natural constituído polo río Liñares, así potenciarase o corredor ecolóxico existente.
 - Dotar ao polígono dun acceso rodado adecuado. A idoneidade do desenvolvemento do polígono en ambas as marxes da estrada N-640 contraponse coa dificultade de dimensionar o acceso máis efectivo desde esta.

En resposta aos obxectivos e criterios marcados e expostos anteriormente, propónse unha ordenación caracterizada polos seguintes aspectos:

Esquema organizativo da Cidade do Moble

Responde ás conclusións da análise previa de sinerxías que provoca a creación dos seguintes espazos:

- Un contorno de servizos centrais e exposición, con centro integrado de viveiro de empresas localizados con fronte á estrada N-640 e percibido de forma inmediata desde o acceso desde o núcleo da Estrada.
- Un punto de servizos comúns como o serradoiro de gran formato e direccionado segundo o proceso lineal, localizado nun dos vértices do polígono.
- Un eixe comercializador central apoiado na estrada N-640.
- Área loxística con aparcamento de vehículos pesados xunto a gasoleira xa existente.
- Punto limpo e estación depuradora de augas residuais (EDAR).
- Eixes secundarios que localizan outras actividades especializadas.

Acceso desde a N-640

- O acceso desde a estrada N-640 realízase a ambos os lados da vía de servizo que separan tráfico e serven de acceso a empresas xa localizadas eliminando o seu acceso directo desde a estrada.
- Para permitir os accesos a esquerdas definiuse un paso elevado central con finalización en rotonda que permite o cambio de sentido.
- Finalmente, na intersección prevista ao leste do polígono e co obxectivo de definir carrís de aceleración e deceleración de gran lonxitude, defínense dúas rotondas

con modo de fondo de saco a ambos os lados da N-640, eliminando accesos ás vías de servizo na dita intersección.

Estrutura viaria

- Un eixe central distribuidor perpendicular á N-640 que na súa parte central asume a estrutura do paso elevado.
- Dous eixes en paralelo á N-640 un ao norte e outro ao sur, como vías distribuidoras e estruturadoras de ambas as zonas (norte e sur).
- Un eixe perpendicular á N-640 que resolve accesos unidireccionais coa estrada nacional.

Corredor verde

- Resérvase unha banda de protección ao longo da Regata Lagartóns que atravesa o lugar de sur a norte, con especial atención á zona húmida situada xunto á gasoleneira.
- Resérvase unha banda do bordo e no límite norte e leste do polígono, para posible paseo do bordo e como transición entre a zona industrial e a ribeira natural do río Liñares.

A futura Cidade do Moble ocupará unha superficie de 367.852,67 metros cadrados, dos que 224.751,55 metros cadrados serán de uso industrial e o resto corresponderá a servizos comúns, equipamento, zonas verdes, rede viaria e de aparcamento, etc.

Antecedentes

A idea dunha Cidade do Moble na Estrada nace en 2003, cando Xestur Pontevedra encarga un estudo de viabilidade que concluía que a creación dun polígono especializado que aglutinase as necesidades do sector do moble lograría os seguintes obxectivos:

- Profesionalización do sector.
- Incremento da cooperación empresarial.
- Creación dun produto competitivo a nivel global, que non soamente se limitase á zona de influencia das empresas do municipio.
- Rotura das restricións xeográficas.
- Redución dos custos de produción, mediante unha diminución dos gastos de materias, materiais auxiliares e custos loxísticos.
- Agrupación do *know-how* do sector e aproveitamento das sinerxías existentes.

Posteriormente, en xuño de 2005 asinouse un convenio de colaboración entre o IGVS, o Concello da Estrada, Xestur Pontevedra e a *Asociación de Empresarios de Lagartóns*, para o desenvolvemento do proxecto sectorial da Cidade do Moble.

Dado que esta actuación non estaba prevista no plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado en maio de 2004, era necesaria unha modificación puntual de dito plan sectorial para incorporar a Cidade do Moble.

O Goberno bipartito publicou no *Diario Oficial de Galicia* do 8 de maio de 2008 un Anuncio do 29 de abril de 2008 polo que se sometía á información pública a modificación puntual do plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia para a inclusión da Cidade do Moble da Estrada nas súas actuacións, pero pouco despois, o 31 de xullo de 2008, inicia os trámites para deixar sen efecto o dito plan sectorial, polo que non se puido realizar a súa modificación puntual incluíndo a Cidade do Moble.

A declaración de incidencia supramunicipal do proxecto sectorial en 2010 serviu para salvar os problemas derivados da dita decisión do anterior Goberno e permitiu continuar coa súa tramitación ata a aprobación definitiva de hoxe.

MÁIS DE 31.500 ALUMNOS GALEGOS VERANSE BENEFICIADOS, O VINDEIRO CURSO, DA DIXITALIZACIÓN DO ENSINO DO PROXECTO ABALAR

- *O segundo ano de aplicación da estratexia de integración das TIC no sistema educativo galego duplicamos as aulas*
- *No próximo curso, o proxecto chegará a novos centros, manterase en 5º de primaria e 1º da ESO e implantarase en 6º de Primaria e 2º da ESO*

Máis de 31.500 alumnos galegos beneficiaríanse o vindeiro curso 2011-2012 dun renovado Proxecto Abalar, que duplicará as aulas, ao entrar por primeira vez en centros novos e estender a súa área de actuación a 6º de primaria e 2º da ESO, manténdoa en 5º e 1º.

Deste xeito, as alumnas e alumnos dos centros Abalar aproveitaranse da estratexia de integracións das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) no sistema educativo de Galicia. En datas próximas a Consellería sacará a concurso público a subministración do equipamento informático necesario, especificando as características técnicas requiridas para os novos ultraportátiles que se sumarán aos existentes, ata completar a cifra de 31.500.

Grazas a esta nova dotación, o Proxecto Abalar continúa a medrar en Galicia, ofrecéndolle ao alumnado a oportunidade de se formar no uso das TIC, e no seu aproveitamento como recurso didáctico. Ademais, o Abalar contribúe a facilitar a colaboración entre todos os membros da comunidade escolar, a través do portal web espazoAbalar, que lles permite ás familias facer un seguimento continuado da vida académica dos seus fillos, así como ter unha comunicación directa cos docentes. Doutra banda, o proxecto leva adxunto o programa 'Navega con Rumbo', que ten como obxectivo impartir charlas divulgativas para que os escolares realicen un uso responsable das TIC, e que xa ten chegado a máis de 5.000 estudantes, uns 500 profesores e 300 pais.

APROBADO O CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O RECOÑECIMIENTO RECÍPROCO DOS CERTIFICADOS DE FORMACIÓN DOS APLICADORES DE TATUAXES, PIERCINGS E MICROPIGMENTACIÓNS

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe acaba de tratar un proxecto de acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre comunidades autónomas para o recoñecemento recíproco dos certificados de formación dos aplicadores de tatuaxes, piercings e micropigmentación.

A cualificación do persoal que realiza as tatuaxes, a colocación de piercing e micropigmentacións suscita a preocupación das autoridades sanitarias polas connotacións existentes de cara á prevención de enfermidades.

A Xunta de Galicia dispón de normativa propia sobre dos requisitos técnicos e as condicións sanitarias que se aplican ás prácticas de tatuaxes, piercings e micropigmentacións, así como á formación que deben ter as persoas que apliquen estas prácticas. Varias comunidades autónomas teñen acordado, nun marco de colaboración transversal, o recoñecemento recíproco no seu ámbito territorial da validez dos certificados que acrediten a formación, e foi expedido por outra comunidade asinante do convenio. Así mesmo, teñen establecido como obxectivo acadar unha maior converxencia en cuestións como a duración e contido dos cursos de formación e en aspectos técnicos da materia.

Galicia manifestou o seu interese en formar parte do grupo de comunidades que xa ten establecido este sistema e formulou a adhesión en xullo de 2010.

A sinatura do convenio vai supoñer, para os cidadáns de Galicia que teñan formación na materia, poder establecerse, se fora o seu desexo, noutra comunidade das asinantes do convenio (País Vasco, Cataluña, Andalucía, La Rioja, Comunidade Valenciana, Aragón, Castilla-La Mancha, Baleares, Madrid e Castilla-León), sen outro requisito que o de acreditar a formación. Igualmente, os cidadáns con residencia en calquera das comunidades autónomas asinantes, poderán establecerse en Galicia e realizar o seu traballo só con acreditar a formación. Elimínanse, por tanto, trabas burocráticas que non facilitaban a posibilidade de moverse entre comunidades autónomas, posto que a formación adquirida non era válida en todas elas.

A XUNTA DE GALICIA DESTINARÁ 160.000 EUROS PARA O ACONDICIONAMENTO DO ESPAZO EXPOSITIVO DE 'AQUIS QUERQUENNIS' NO CONCELLO DE BANDE

- *O Consello da Xunta autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Bande para o financiamento e a execución das obras de acondicionamento no xacemento situado en Porto Quintela*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Bande para o acondicionamento do espazo expositivo de 'Aquis Querquennis' situado no lugar de Porto Quintela. O acondicionamento do xacemento, xestionado pola *Fundación 'Aquae Querquennae'*, ten como finalidade a posta en valor dos recursos naturais, etnográficos e turísticos.

En virtude do convenio, a Consellería de Cultura e Turismo achegará, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, a cantidade de 159.255 euros para o financiamento e a execución das obras. A posta en valor do centro expositivo inclúe actuacións comprendidas dentro do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013, polo que estará financiada a través das axudas á mellora dos servizos turísticos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Deste xeito, a Xunta de Galicia cumpre coas súas competencias en materia de ordenación, promoción e fomento do turismo. A Consellería de Cultura e Turismo ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo, polo que acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas de desenvolvemento dos concellos. A aposta da Administración autonómica por potenciar estes valores turísticos baséase na importancia do sector e no efecto multiplicador que este posúe tanto a nivel económico como social.

Séculos I e II

O xacemento Aquis Querquennis, situado entre as vilas de Baños e Porto Quintela, é un extenso complexo arqueolóxico formado por un antigo campamento romano, ocupado entre o último cuarto do século I e mediados do século II, un poboado e unha mansión sitos na beira do que no seu día fora a Vía Nova, unha calzada romana que discorría entre Braga e Astorga. O xacemento é un dos núcleos urbanos máis importantes da Gallaecia interior, que permitía a conexión co país veciño, Portugal, que é un dos de maior afluencia de visitantes estranxeiros a Galicia.

Con esta actuación trátase de poñer en valor a contorna en xeral e todo o patrimonio natural e histórico, susceptible da revalorización para recursos turísticos. Ourense é a segunda provincia española con maior patrimonio arquitectónico.

O CONSELLO APROBA O “PLAN CONCERTADO”, QUE DISPORÁ POR PRIMEIRA VEZ DUNHA FERRAMENTA INFORMÁTICA PARA AXILIZAR A TRAMITACIÓN

- *O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao proxecto de acordo que autoriza un anticipo superior ao 10 por cento para estas subvencións*
- *O coñecido como “Plan Concertado” financia con máis de 47 millóns de euros os servizos sociais comunitarios dos concellos, o plan de desenvolvemento do pobo xitano, e o servizo de axuda no fogar para persoas dependentes*
- *As entidades locais poderán dispoñer de ata un cen por cento de anticipo para facilitarlles ás corporacións locais a tesourería suficiente para facer fronte aos seus servizos*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao coñecido como “Plan Concertado”, que se ocupa de financiar os servizos sociais comunitarios dos concellos e do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes, e que inclúe tamén o Plan de desenvolvemento xitano. En concreto, hoxe autorizouse que os concellos poidan dispoñer dun anticipo de ata o cen por cento co fin de facilitarlles a tesouraría suficiente.

En concreto, o financiamento destínase a: gastos correntes de retribución do persoal municipal que desenvolve os servizos sociais; gastos derivados da prestación do servizo municipal de axuda no fogar (tanto para persoas valoradas como dependentes como para outras situacións de necesidade); e a gastos derivados da xestión e execución doutros programas sociais, como pode ser o de desenvolvemento do pobo xitano.

Ademais, este ano o plan presenta unha novidade de relevancia. Por primeira vez - desde o ano 1988, que se empezou a tramitar esta convocatoria anual de subvencións- os concellos disporán dunha aplicación informática, en soporte web, para facilitar a elaboración dos formularios de solicitude. Estará dispoñible no apartado de recursos do portal de Benestar <http://benestar.xunta.es>.

Esta ferramenta web responde á necesidade de axilizar o procedemento, especialmente tendo en conta que moitos dos erros que había que depurar logo de presentar a documentación, eran de carácter numérico. Isto xeraba atrasos á hora de poder resolver e, polo tanto, de abonar as cantidades asignadas aos concellos.

Por iso se deseñouse esta aplicación na cal se introducen os datos dunha única vez e na que os cálculos se realizan de xeito automatizado. Polo tanto, este instrumento permitirá unha correcta elaboración das solicitudes e axilizará o procedemento, ao

diminuír, previsiblemente, o número de requirimentos de emenda que habería que enviar ás corporacións locais.

Está previsto que esta orde de subvencións saia publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a principios do mes de marzo. A partir desa data, os concellos disporán dun mes de prazo para presentar as súas solicitudes.

A continuación, analizaranse e valoraranse os proxectos presentados, polo que se considera que as primeiras resolución estean en xuño deste ano. A partir de aí -proximadamente aos 15 días de notificarse a resolución- os concellos poderán comezar a recibir o anticipo das subvencións concedida pola contía do cen por cento das subvencións.

Esta iniciativa inscríbese na aposta do Goberno galego por apoiar os servizos sociais comunitarios, xa que son a primeira porta de entrada ao sistema público de servizos sociais para moitas persoas. De feito, estímase que durante 2010 as persoas usuarias destes servizos superaron ás 620.000 persoas, aínda que non se trata dun dato definitivo.

O ISSGA ELABORARÁ O MAPA DE RISCOS ERGONÓMICOS DE GALICIA E CREARÁ A ESCOLA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS ESTE ANO

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao Plan de Actividades para 2011, que foi aprobado pola Comisión de Goberno do ISSGA, integrado pola Xunta, a CEG e os sindicatos UGT, CCOO e CIG*
- *Entre as novidades destaca, ademais, a realización dunha aplicación para que as empresas calculen os custos derivados da sinistralidade laboral co obxectivo de sensibilizalas sobre a rendibilidade de investir en prevención*
- *O ISSGA desenvolverá un programa de protección para as mulleres embarazadas e un plan de seguridade viaria laboral*
- *A sinistralidade laboral baixou en Galicia nun 7,77% con respecto a 2009*

O Plan de Actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) integra para este ano un total de 72 programas dos que máis de 20 liñas de actuacións son novidasas. O proxecto foi aprobado o pasado mes de xaneiro pola Comisión de Goberno do ISSGA, integrada por representantes da Xunta, a CEG e os sindicatos UGT, CCOO e CIG. Con esta iniciativa, enmarcada na estratexia plurianual de prevención de riscos laborais, acordada no seo do diálogo social, arranca o Plan Estratégico de Prevención de Riscos Laborais 2011-2014.

O Consello da Xunta ratificou hoxe as accións que se desenvolverán para este ano e que xiran en torno a catro eixes: a mellora da coordinación entre as administracións competentes en materia de seguridade laboral (Sanidade, Economía e Industria e Educación), e nas competentes por razón do ámbito de actuación (Mar e Medio Rural); o reforzo na investigación das enfermidades profesionais; o afondamento no asesoramento técnico ás pequenas e medianas empresas (Pemes) e aos traballadores autónomos; e a ampliación do ámbito da investigación a outras tipoloxías de accidentes laborais e novos segmentos da poboación.

Entre as novas medidas, destacan unha atención especial aos riscos ergonómicos e psicosociais, xa que se acaba de constatar que os sobreesforzos nos accidentes laborais son causa do 25 por cento dos casos.

Así, para combater esta tendencia, o ISSGA levará a cabo un estudo das condicións ergonómicas dos traballadores da pesca de baixura e un mapa de riscos ergonómicos de Galicia. Con respecto á primeira actuación, a directora do ISSGA explicou que o estudo analizará os factores de riscos por tipo de embarcación e arte de pesca establecendo unha asociación causal cos datos de sinistralidade. O documento realizarase no marco xeral de colaboración que mantén o ISSGA cos institutos homólogos de País Vasco, Asturias e Cantabria.

Pola súa banda, o mapa de riscos ergonómicos terá como obxectivo analizar as situacións deste tipo de risco laboral na poboación traballadora galega, segundo actividade económica e incluíndo a perspectiva de xénero; identificar as actividades onde se presentan trastornos músculo-esqueléticos, postos de traballo con maior risco e tipos de patoloxías máis frecuentes; e, por último, estimar o número de traballadores expostos, con variables de sexo, idade e antigüidade no posto.

Así mesmo, e dentro deste ámbito de actuación, desenvolverase un plan piloto de avaliación de riscos psicosociais en centros de traballo da Administración, xa que o 22 por cento dos traballadores europeos sofren estrés e preto do 60 por cento das baixas laborais están relacionadas con esta enfermidade, segundo datos da Axencia Europea de Seguridade e Saúde no Traballo.

As tres liñas de actuación forman parte do segundo dos eixes de acción do plan de actividades do ISSGA para o ano 2011.

Cálculo na sinistralidade

A novidade máis salientable no terceiro eixe, asesoramento ás Pemes e aos autónomos, é o desenvolvemento dunha aplicación para realizar o cálculo de custos derivados da sinistralidade laboral con baixa. Será un autocalculador ao servizo das empresas que porá de relevo os custos da sinistralidade nunha comparativa cos investimentos necesarios para evitala, co fin de contribuír a sensibilizar ao tecido empresarial sobre a rendibilidade de investir en prevención.

No cuarto eixo de actuación -ampliación do ámbito da investigación e accidentes laborais-, o ISSGA levará a cabo, como novidade, análises de sinistralidade laboral por accidentes de tráfico, por forma non traumática (infartos, derramos cerebrais e outras lesións non traumáticas) e segundo a poboación inmigrante, xa que supón un colectivo maioritario nalgúns sectores de actividade.

Apoio ás mulleres embarazadas

Outras medidas novas serán o desenvolvemento dun programa de protección para as mulleres embarazadas, para verificar nos centros de traballo que se cumpren coas medidas previstas na normativa, e a posta en marcha da Escola Galega de Prevención de Riscos Laborais en Pontevedra. Os contidos serán dirixidos fundamentalmente aos rapaces de educación primaria e aos estudantes de ciclos formativos, bacharelato e FP.

O Plan de seguridade viaria laboral é outro dos programas do plan de actividades do ISSGA para este ano, que terá como finalidade o asesoramento ás empresas de maior

sinistralidade viaria sobre a necesidade de avaliar os riscos asociados aos desprazamentos.

Por último, a directora do ISSGA destacou que o plan de actividades 2011 incidirá en aspectos levados a cabo o ano pasado como son a prevención de riscos entre máis de 100.000 traballadores e 67.000 autónomos; a coordinación permanente coa Fiscalía para a investigación dos accidentes laborais; e a posta en marcha de campañas sobre prevención de riscos por sílice ou amianto.

Así mesmo, poranse en marcha cursos de formación e xornadas técnicas e seguirase a prestar especial atención ao Observatorio Galego de Condicións de Traballo, creado o ano pasado co obxectivo de mellorar o estudo dos indicadores preventivos de maior relevancia para dispoñer de información de calidade para a toma de decisións.

A XUNTA XA EXTINGUIU 41 DOS 42 ENTES QUE VAI ELIMINAR NO MARCO DO PLAN DE RACIONALIZACIÓN DE ORGANISMOS DEPENDENTES

- *O aforro é superior ao estimado inicialmente e supera xa os 15,3 millóns de euros*

O Consello da Xunta analizou hoxe o terceiro informe trimestral de seguimento da execución do Plan de racionalización dos organismos dependentes do Goberno galego, no que se destaca o elevado grao de cumprimento das melloras previstas nos 16 organismos que decidiron manterse e que xa están en proceso de liquidación 41 organismos dos 42 que se apostaba pola súa eliminación.

Así, xa se adoptou o acordo de extinción e están liquidadas ou en fase de liquidación a Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento; a Fundación Milenio; a Fundación Centro Superior Cinexético e Piscícola; a Axencia Humanitaria de Galicia; a Fundación Galega para a Prevención de Riscos Laborais; a Fundación Galicia Emigración; o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller; e as 34 fundacións comarcais. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) cuxas competencias se subrogará na planificación, elaboración e execución dos programas en vigor aos que estean obrigadas as fundacións de desenvolvemento extinguidas.

Ademais, fixéronse as modificacións legais previas necesarias para a extinción de dous organismos máis: a Sociedade Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense (Aceousa) e Bantegal; adoptouse o acordo de absorción doutro ente, a Fundación Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia (CETIL); e formalizouse a separación da Xunta de Galicia da Sociedade Galega de Servizos Sociais (Sogaserso), mediante a venda ante notario das accións do Executivo galego na dita sociedade.

En canto ao resto de organismos, a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia continúa con importantes avances no seu proceso de racionalización. De feito, xa se reduciron efectivos do seu cadro de persoal e adoptáronse medidas de racionalización, como paso previo á posta en marcha da Axencia de Innovación, cuxa creación xa aparece prevista na Lofaxga.

No caso do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, xa se acordou a súa integración na futura Axencia de Servizos Sociais. Finalmente, tamén o Instituto de Estudos Turísticos ten dado pasos para refundirse en Turgalicia, producindo os consecuentes aforros económicos.

Alto cumprimento e aforro

Os grandes avances producidos no cumprimento do plan permiten garantir que xa se cumpriron os obxectivos marcados, que pasaban por completar no prazo dun ano a extinción do 90 por cento dos organismos incluídos.

Ademais, os aforros que se están a producir son superiores aos estimados e, de feito, cando vai menos dun ano, xa se teñen superado os 10 millóns de aforro que estaba previsto que houbera cando o plan estivese ultimado. En concreto, o aforro producido nestes nove primeiros meses de vida do Plan de racionalización ascende xa a máis de 15,3 millóns de euros.

Plan de racionalización

O primeiro Plan de racionalización de organismos dependentes do Goberno galego foi aprobado en Consello da Xunta, na súa reunión do 22 de abril de 2010. O dito plan consistiu na avaliación da estrutura e funcionamento de 64 dos 145 organismos da chamada Administración paralela, e concluíu co mantemento -introducindo melloras- de 16 deles e a supresión ou reformulación das 48 restantes.

Os obxectivos do Plan son evitar as duplicidades que se tiñan detectado, gañar en eficacia e en transparencia, adelgazar a Administración paralela e que non sexan organismos autónomos os que presten servizos e actividades que poden prestar de igual ou mellor xeito as consellerías de que dependen, e acadar un menor custo.

O FUTURO ORGANISMO DE AUGAS DE GALICIA SERÁ UNHA ENTIDADE CON MÁIS COMPETENCIAS, MELLOR COORDINADA E MENOS CUSTOSA PARA OS GALEGOS

- *O Consello da Xunta foi informado esta mañá dos avances na redacción do novo estatuto, que estará aprobado antes de finais deste verán*
- *O persoal de Augas de Galicia e da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos pasará a formar parte do mesmo ente, segundo os principios de eficacia e eficiencia organizativa*
- *A redución do gasto en materia de persoal da cumprimento á política de austeridade promovida polo actual Goberno*
- *A necesidade de contar cunha entidade que dispoña dunha estrutura adecuada que garanta a toma de decisións e a coordinación entre as diferentes unidades foi a razón pola que se redactou un novo estatuto de Augas de Galicia*
- *A estrutura administrativa da Dirección do novo organismo de Augas de Galicia estará integrada por catro áreas e unha unidade dedicada á contratación*

O Consello da Xunta foi informado na súa reunión desta mañá do contido dos estatutos do futuro organismo Augas de Galicia, que será unha entidade con máis competencias, máis coordinada e menos custosa para os galegos. Este organismo é o ente de dereito público que está chamado a constituírse no instrumento central para levar a cabo a política da auga en Galicia. O pasado 18 de novembro o Parlamento de Galicia aprobaba a nova Lei de augas de Galicia, texto legislativo que marca o punto de partida para Galicia en canto a normativa en materia de augas.

Esta lei desenvolverase en seis regulamentos que serán os seguintes:

- Estatuto de Augas de Galicia
- Regulamento marco da prestación do servizo de saneamento e depuración
- Decreto de colaboración coas entidades locais
- Regulamento de réxime económico do canon da auga e do coeficiente de vertedura
- Regulamento marco do servizo de abastecemento
- Regulamento que determine o procedemento de tramitacións dos plans galegos de abastecemento e saneamento.

Respecto do regulamento do estatuto, na nova entidade de Augas de Galicia convivirá persoal funcionario e laboral que na actualidade presta os seus servizos en Augas de Galicia e na Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos. Os postos de traballo do cadro de persoal da nova entidade estruturaránse baixo os principios de

eficacia e eficiencia organizativa e garantírase o mesmo réxime retributivo por categorías, sen prexuízo das peculiaridades específicas do posto.

Cómpre sinalar que coa creación do novo ente Augas de Galicia garántese a redución do gasto en materia de persoal co obxectivo de dar cumprimento ao compromiso de austeridade, a pesar de que coa nova lei se están a incrementar as competencias, como o servizo de depuración de augas residuais, é dicir, a explotación e o mantemento das estacións depuradoras.

O estatuto no que traballa na actualidade o Goberno galego divídese en tres capítulos: o primeiro dedicado á natureza, sede e principios de organización e funcionamento do novo ente; o segundo, á súa organización; e o terceiro, ao réxime xurídico do funcionamento de Augas de Galicia.

Desde o Goberno galego considerouse a necesidade de elaborar un novo estatuto de Augas de Galicia, co obxectivo de que esta entidade dispoña dunha estrutura adecuada que garanta a toma de decisións, así como a coordinación entre as diferentes unidades.

O modelo de estrutura estará formado pola Presidencia e o Consello Reitor, a Dirección será o órgano executivo, e ademais garántese a participación cidadá coa regulación do Consello para o Uso Sustentable da Auga, cuxa creación determina a propia Lei de augas de Galicia.

O artigo 6 deste estatuto define a composición do Consello Reitor, observa tanto a obriga de procedencia dos seus membros (representantes da Xunta de Galicia, da Administración xeral do Estado, das entidades locais e dos usuarios da auga), como a garantía de representación de todas as administracións, e fai cumprir o requisito de que un terzo dos seus membros correspondan aos mencionados usuarios. Este consello tamén actuará como Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, órgano fundamental da planificación hidrolóxica.

Catro áreas

A estrutura administrativa da Dirección do novo organismo de Augas de Galicia estará integrada por catro áreas e unha unidade dedicada á contratación. A configuración destas catro áreas obedece ás funcións que debe levar a cabo a entidade, especificadas consonte a experiencia de funcionamento da actual Administración hidráulica.

- **Área técnica:** encargada fundamentalmente das funcións de planificación e de execución e xestión de infraestruturas hidráulicas

- **Área de servizos e asesoría xurídica:** entre cuxas tarefas destaca a secretaría de órganos colexiados e a preparación dos anteproxectos de normas, así como a xestión do persoal e a coordinación das actuacións de Augas de Galicia perante órganos parlamentarios, xudiciais ou comunitarios
- **Área de xestión do dominio público hidráulico:** correspóndelle fundamentalmente o desenvolvemento das funcións relativas á intervención e control do dominio público hidráulico, así como as referentes as verteduras desde terra ao mar
- **Área económico-financeira:** as funcións fundamentais desta área son ás relativas á preparación e execución do orzamento de Augas de Galicia.

Tamén se creará unha unidade de contratación, dependente directamente da dirección de Augas de Galicia, coa que se pretenderán dotar de maior axilidade os procedementos de contratación da entidade, dada a súa importancia, de acordo coas funcións que ten atribuídas Augas de Galicia.

Liñas de actuación

As grandes liñas de actuación e finalidades de Augas de Galicia baséanse na utilización sustentable e racional da auga e a contribución á preservación e mellora do ambiente, en particular dos ecosistemas acuáticos; na compatibilidade da xestión pública da auga coa ordenación do territorio, a actividade económica, a conservación e protección do ambiente e a restauración da natureza; así como, na Unidade de Xestión e Planificación da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

Tamén son obxectivos prioritarios adecuar os custos dos servizos relacionados coa auga para conseguir un consumo responsable, e deste modo acadar a suficiencia financeira do sistema no marco dun prezo xusto e asequible; a coordinación o cooperación entre as administracións con competencias en materia de augas; a garantía da calidade da subministración da auga urbana; e a solidariedade territorial nos investimentos en infraestruturas e de equidade social.

Retos de futuro

Os grandes obxectivos en materia de augas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas están recollidos no Plan de Infraestruturas Hidráulicas 2009-2013. Con este programa, dotado cun investimento de máis de 860 millóns de euros, adoptouse unha política de augas que contribúe ao desenvolvemento sustentable da economía, fomentando un uso racional da auga e preservando a súa calidade.

Entre os programas máis importantes que se desenvolverán nos próximos meses son os plans hidrolóxicos de bacía, o Plan de Saneamento de Galicia e o Plan de Abastecemento de Galicia (Plan Auga).

Compromiso coa austeridade

Cómpre destacar que a nova entidade de Augas de Galicia está en consonancia coa política de austeridade que impera nas actuacións do actual Goberno, desde o primeiro día de mandato.

Como mostra desta responsabilidade, a principios deste mesmo mes o Consello da Xunta aprobou a creación a Axencia Galega de Infraestruturas. Un ente que ademais responde á aposta por un novo modelo de xestión en materia de infraestruturas máis flexible, máis eficaz e máis austero e suporá unha reestruturación orgánica da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Este agrupamento permitirá un aforro anual de 335.221 euros en materia de persoal.

Deste xeito, rematase coa actual situación organizativa composta pola Dirección Xeral de Infraestruturas e os servizos de Infraestruturas dos departamentos territoriais, dependentes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e por dúas sociedades públicas que dependen da Consellería de Facenda: a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia S.A (SPI) e a Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A (Aceousa).

A XUNTA IMPULSARÁ UN PLAN DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA 2011-2013 NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS GALEGAS PARA ACADAR UN AFORRO DE ATÉ O 40% DO CONSUMO

- *O Goberno galego avanza na estratexia global pola potenciación do aforro e da eficiencia en todos os sectores económicos para facer de Galicia unha comunidade á vangarda neste eido e no das enerxías renovables*
- *Co programa de actuacións, a Xunta pretende mobilizar un investimento asociado superior a 35,5 millóns de euros*
- *O plan tamén establece unha estratexia de aforro na Administración local para intensificar o desenvolvemento de actuacións como o fomento do aforro e da eficiencia na iluminación pública*

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, impulsará a posta en marcha dun Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética na Administración Pública de Galicia 2011-2013 co obxectivo primordial de establecer unha estratexia de aforro de enerxía dentro da Comunidade Autónoma para desenvolver e coordinar diferentes actuacións e políticas de aforro nas distintas administracións.

A premisa fundamental que guía este plan do Executivo autonómico é alcanzar un aforro cuantificado de entre un 10% e un 40% do consumo de enerxía final, de cara a xerar así, ao final de lexislatura, un volume de investimento asociado superior aos 35 millóns de euros, segundo o informe do que tivo hoxe coñecemento o Consello da Xunta.

Co devandito plan, que ten un marcado carácter exemplarizante, canto a que o sector público debe liderar esta aposta pola eficiencia, o Goberno galego presidido por Alberto Núñez Feijóo avanza na estratexia global pola potenciación do aforro e da eficiencia en todos os sectores económicos para facer de Galicia unha comunidade á vangarda neste eido e no das enerxías renovables.

Para levar adiante o Plan de Aforro, e co fin de coordinar as actuacións dos diferentes organismos públicos, designarase o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), adscrito a Economía e Industria, como coordinador xeral das actuacións a nivel autonómico. Ademais, en cada consellería nomearase un coordinador enerxético responsable das actuacións nese departamento autonómico en cuestión. Tamén se creará un servizo web de información enerxética dos resultados que se vaian obtendo co plan.

Para levar adiante este plan, a Xunta traballa xa na elaboración dunha normativa de aforro e eficiencia enerxética que prevexa, entre outros aspectos, un regulamento de

obrigado cumprimento na Administración pública. Ademais, a norma deberá establecer uns requisitos mínimos de eficiencia enerxética na contratación de obras novas ou de reforma; inspeccións periódicas de eficiencia das instalacións ou a fixación dunha recomendación en todas as administracións públicas de primar o criterio de eficiencia enerxética na adquisición de equipamento consumidor ou transformador da enerxía.

Desenvolvemento por fases

O Plan de Aforro e Eficiencia, no cal xa se está a traballar, recolle nunha primeira fase a realización de estudos enerxéticos en diferentes centros (educativos, sanitarios, administrativos e sociais), que permitan coñecer os perfís de consumo e que faciliten a toma de decisións das medidas que se van acometer, entre as que deben estar, primar as enerxías renovables nas instalacións auditadas, en especial, a solar térmica e as caldeiras de biomasa.

Esta fase xa se iniciou coa sinatura, en decembro do ano pasado, dun acordo marco de colaboración entre a Consellería de Presidencia e o Instituto Enerxético de Galicia, mediante o que se levará adiante un estudo de optimización enerxética dos edificios administrativos de Santiago (servizos centrais de San Caetano) e as delegacións territoriais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

A continuación analizarase unha estimación dos investimentos en eficiencia enerxética e enerxías renovables e os seus períodos de retorno, isto é, cando estarán amortizados os investimentos realizados cos aforros obtidos, e en último termo farase un seguimento en todos os edificios públicos obxecto do Plan das medidas de aforro e comprobaranse os resultados conseguidos, que permitan extrapolar as medidas propostas a outros centros semellantes.

O Plan tamén establece unha estratexia de aforro na Administración local para intensificar o desenvolvemento de actuacións como o fomento do aforro e da eficiencia na iluminación pública a través de diferentes experiencias piloto que permitan probar as novas tecnoloxías de iluminación; incentivar os plans de mobilidade sostible, a través de programas experimentais e estudos de viabilidade ou apoiar técnicas de promoción de medios de transporte alternativos ao vehículo privado, entre outras.

A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE POÑEN EN MARCHA O PLAN DE SISTEMAS DE XESTIÓN DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN PARA O PERÍODO 2011-2014

- *O alcance do plan engloba toda a Consellería de Sanidade e o Sergas, así como as unidades dependentes destes organismos*
- *Esta iniciativa do departamento que dirixe Pilar Farjas pretende dar continuidade ás políticas de seguridade implantadas na organización, ademais de estendelas a unidades en que aínda non se teñen desenvolvidas*

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde desenvolverán actuacións no ámbito da xestión de seguridade da información para o período 2011- 2014. O plan, aprobado hoxe no Consello, prevé diversas liñas de actuación para o desenvolvemento do sistema de xestión de forma que alcance todas as unidades que forman parte do departamento que dirixe Pilar Farjas Abadía.

O uso das tecnoloxías da Información e a Comunicación no ámbito da sanidade debe estar suxeito ao manexo delas e establecer, en todo momento, que se dan as circunstancias de que a información está accesible cando e onde se necesita, que a ela accede só o persoal autorizado, e, ademais, garantir a súa veracidade. Deste xeito, os cidadáns terán a seguridade do bo tratamento da súa información sanitaria, e, ademais, poderán acceder a un mellor servizo, ao ter os profesionais e eles mesmos acceso á información clínica dun xeito eficaz e seguro.

Liñas de actuación

O proxecto porá ao servizo de todas as unidades a súa experiencia acumulada ao longo dos anos en materia de seguridade de información. Unha parte importante do plan son as actividades en formación e concienciación, que se impartirán entre todos os usuarios dos sistemas de información, particularizándose por perfís e funcións desenvolvidas, de xeito que poida ter un enfoque práctico e axude no desenvolvemento da actividade diaria.

A primeira das liñas de actuación é a continuación cos traballos do servizo. Na actualidade, cóntase cun centro de proceso de datos de apoio que debe absorber toda a carga de procesos no caso de disfuncións do centro de proceso de datos principal. O obxectivo é continuar cos traballos e os investimentos necesarios para aumentar a capacidade de procesamento do centro de apoio.

Ademais de ter a capacidade técnica de conmutar os servizos ao centro de apoio, é necesario definir as condicións en que se realizará, así como as de volta ao centro de procesos de datos principal, e, sobre todo, dar as instrucións aos técnicos e aos

usuarios de como deben actuar no caso de disfuncións dos sistemas. É por iso que a segunda liña de actuación se centra en avanzar no desenvolvemento do plan de continxencia, atendendo, non unicamente ao traballo dos técnicos, senón, tamén, ás instrucións para darlles aos usuarios para que coñezan, en todo momento, como actuar e, deste modo, continuar coa prestación do servizo mentres non se recupera a operativa normal, sen que os cidadáns, usuarios do sistema sanitario, se poidan ver afectados.

Nunha organización con máis de 25.000 usuarios dos sistemas de información e que cubre campos que van desde o ámbito asistencial ata o traballo administrativo, os diferentes perfís de acceso que é necesario definir fan que un proxecto como o de xestión de identidades para o control do acceso lóxico aos sistemas de información sexa de vital importancia, de xeito que se garanta o acceso seguro e áxil aos servizos. É por isto que se afronta a implantación dun sistema de xestión de identidades en toda a organización, que axude na xestión do acceso aos sistemas, minimize os riscos asociados e, ademais, axilice os trámites de autorización que sexan necesarios.

En canto ao cumprimento do establecido na Lei de protección de datos e demais lexislación asociada, a Administración sanitaria galega está a traballar dende a súa entrada en vigor desta normativa, polo que continuarase coa revisión continua dos traballos, identificando as novas necesidades que podan aparecer e xerando a documentación asociada que sexa necesaria.

Durante o ano 2010 realizouse unha primeira análise de riscos asociados aos servizos en explotación e, en base a iso, estableceuse un sistema de xestión de seguridade da información coa implantación dos controis de seguridade da norma ISO 27000. A idea é estender este sistema desde servizos centrais ao resto de unidades no período 2011- 2014, ao mesmo tempo que se actualiza a análise de riscos, para que reflecta os cambios que se vaian producindo.

O Esquema Nacional de Seguridade (xa definido no artigo 42.2 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns os servizos públicos) desenvólvese no Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración pública. O prazo de implantación das medidas nel recollidas é de doce meses desde a entrada en vigor, aínda que se hai circunstancias que impidan a plena aplicación, se disporá dun plan de adecuación que marque os prazos de execución, que non serán superiores a 48 meses desde a entrada en vigor (30 de xaneiro de 2014). Por iso se realiza a revisión das políticas de seguridade existentes, xerando un plan de implantación para os posibles puntos que

non se inclúen nos controis definidos e un plan de proxecto de adaptación e desenvolvemento.

Un punto fundamental na seguridade da información é a formación dos usuarios, xa que os maiores problemas de seguridade veñen asociados ao descoñecemento destes con respecto ás políticas e normas de uso dos sistemas. É por iso que se desexa reforzar a formación en materia de seguridade e, sobre todo, acadar que sexa particularizada por funcións, de forma que reflicta e dea resposta a dúbidas e problemas do día a día.

Por último, o plan atende ao desenvolvemento do Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica, xa que o avance do proxecto, cunha maior implantación e un gran número de novas funcionalidades implantadas, fan necesaria a revisión de forma que se adapte ás novas necesidades e se asegure o correcto uso da ferramenta de historia clínica electrónica, garantindo a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade da información.